

1/91 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO, NÚMERO SC-4/2020, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) Proposta da Alcaldía, do 15 de setembro de 2020, do teor literal seguinte:

“Modificación orzamentaria de Suplemento de crédito Núm 4/2020 no Orzamento do Concello para 2020.

Importe: 1.767.710,00 euros

Destino:

- Cobertura de obrigas económicas derivadas de actos de contido económico da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego: EXECUCIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE RECUPERACIÓN- DINAMIZACIÓN 2020-2021 NO MUNICIPIO DE LUGO

Financiamento: Baixas por Anulación

Mediante Decreto da Área de Economía número 1799/2020 do 17/3/2020 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2019, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 51.595.789,44 euros.

O Superávit en termos de contabilidade nacional segundo a normativa SEC95 se elevaba a 9.053.572,13 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas derivadas de actos de contido económico da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego: EXECUCIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE RECUPERACIÓN-DINAMIZACIÓN 2020-2021 NO MUNICIPIO DE LUGO, en base á proposta do Servizo de Desenvolvemento Local de data 15/9/2020 que consta no expediente, asinada pola Xefa do Servizo, dona Isabel Villamor Cabado, coa conformidade do responsable da área xestora.

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tramitado, logo de ver o informe de Intervención Ref.: 2020/703 de data 15/09/2020 e considerando a baixa por anulacións doutras aplicacións orzamentarias do Orzamento, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (4/2020) por importe de 1.767.710,00 € co seguinte detalle:

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO II	Importe
202410002	24100.22699	Execución dunha Estratexia de Recuperación-Dinamización 2020-2021 no Municipio de Lugo.	1.767.710,00 €

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac3868348084428662468.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-9-2020

		TOTAL	1.767.710,00 €
--	--	--------------	-----------------------

Financiamento: Baixas por anulación

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO IV	MC	Importe
20RT00001	24100.47900	Liña 1 Axudas COVID19	51859/2020	820.310,00 €
20RT00001	24100.48900	Liña 2 Axudas COVID19	51860/2020	947.400,00 €
		TOTAL		1.767.710,00 €

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.”

B) Ditame favorable da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, emitido na sesión celebrada o día 18 de setembro de 2020.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13, dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0.
- **Abstencions:** 12, dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (4/2020) por importe de 1.767.710,00 € co seguinte detalle:

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO II	Importe
202410002	24100.22699	Execución dunha Estratexia de Recuperación-Dinamización 2020-2021 no Municipio de Lugo.	1.767.710,00 €

		TOTAL	1.767.710,00 €
--	--	--------------	-----------------------

Financiamento: Baixas por anulación

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO IV	MC	Importe
20RT00001	24100.47900	Liña 1 Axudas COVID19	51859/2020	820.310,00 €
20RT00001	24100.48900	Liña 2 Axudas COVID19	51860/2020	947.400,00 €
		TOTAL		1.767.710,00 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de QUINCE DÍAS, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.